


C11
Línea C11

L9
Línea 9

Sábados mañá. Cada 60 min., de 09.00 a 13.00 h

Servizo regular:



Praza de Galicia-Gaiás cada 20 minutos:
Servizo de reforzo de autobús urbano

Servizo de buses

Vémonos o 25 de agosto!
Cidade Imaxinaria de verán.
de cara á cita tradicional de repoiñer forzas e deixar folgos lembrade que aínda debedes sabermos que disto nunca ningún se cansa, así que moito humor e diversión, mais circo, maxia, música, teatro e catro horas ininterrompidas de Esperamos que gocedes destas

Cidade Imaxinaria de Verán



Aproveita esta xornada para a descuberta das ladeiras de Galicia, un dos pulmóns verdes de Compostela; para descansar no parque do Lago e continuar o percorrido polo Xardín Literari; e coñecer, para outras ocasións, a zona de xogo do Parque da Batea, inspirado nos monstros mariños de Urbano Lugrís.

Espazos verdes e de lecer



Cidade Imaxinaria é unha oportunidade única para gozar en familia do lecer, da diversión e tamén da arte. Aproveitade a xornada para coñecer a exposición que acolle o Museo Centro Gaiás: *Galicia Universal. Arte galega nas coleccións de ABANCA e Afundación*. Se non queredes perder nada, ás 12.30 e 17.30 horas, contades con vistas comentadas e de balde.

Visitas comentadas à maior exposición de Arte galega



GAIÁS
CIDADE DA CULTURA

CIDADE IMAXINARIA PRIMAVERA




ENTRADA DE BALDE

21 ABRIL 2018 16-20h

Horarios

De 16 a 20 horas



HORARIO:
De 16 a 20 horas

CIDADE IMAXINARIA PRIMAVERA



Área de lecer e Torres Hejduk

E ESCENARIOS

03 Pink Impact
16.30 a 17.15 h Varieté de espectáculos a toda cor! Este dúo musical pode con todo: música, malabares e moito humor. Se queredes un cóctel da mellor diversión, non o podeades perder! E seguro que non o facedes porque a súa bicicleta e a súa estética van marcarvos o camiño.

04 Todo encaixa
19.15 a 20 h Seis corpos sobre o escenario que soben, baixan, bailan, pero sobre todo saltan! A música e emocións desta coreografía vanvos contaxiar e abraiar. Impresionantes os seus espectaculares choutos, voos e torres humanas!

05 Flou Papagaio
18 a 18.45 h Gustaríavos presenciar unha pista de circo xiratoria onde os espectáculos, propios de equilibristas, trapecistas e funámbulos, semellasen non rematar nunca? Témola en Cidade Imaxinaria Primavera. Poesía visual circense en estado puro.

10 Visita comentada
17.30 a 18.30 h Aproveitade a xornada para coñecer a exposición que acolle o Museo Centro Gaiás: *Galicia Universal. A arte galega nas coleccións de ABANCA e Afundación.*

XOGOS E INSTALACIÓNS LÚDICAS FIXAS

01 Escola de saltimbanquis
16 a 20 h Todas e todos levamos un saltimbaqui dentro, só é cuestión de sacalo fóra. Como? Vinde a esta escola de Pistacatro, onde descubriredes outras disciplinas circenses e outras vocacións ocultas para o show e o espectáculo, aínda non exploradas. É a ocasión!

06 Teatro sobre rodas
16 a 20 h Aparca nesta Cidade Imaxinaria de Primavera unha caravana moi especial onde viaxan monicreques e as historias de princesas que non queren ser rescatadas nin bicadas e de cabaleiros pacifistas, amigos dos dragóns e da cor rosa. Querédelas escoitar, non si?

Os xogos do Hélder
16 a 20 h A diversión non é exclusiva da tecnoloxía, senón da vosa capacidade de enxeño, que tedes a moreas! Estes xogos tradicionais centenarios, de orixe lusa, están artellados en dous materiais sinxelos: corda e madeira, que conseguen cativar a xeracións tras xeracións.

07 A gran tempestade
16 a 20 h Gustades das treboadas? Das da Cidade da Cultura seguro que si! Ides vivir a mellor das vosas molladuras. Entrade na nosa burbulla xigante para gozar dunha tempestade multicolor de confeti, para a que non ides pedir paraugas e da que non ides desexar saír.

ESPECTÁCULOS ITINERANTES

08 Os Bimborions
16 a 16.45 e 18.45 a 19.30 h Tres orixinais caracois antropomorfos percorrerán todos os recunchos da Cidade da Cultura subidos nas súas veloces bicicletas para pararse con cada un e unha de vós e agasallarvos co seu particular e divertido canto. Nunca escoitastes nada parecido nin máis divertido!

09 O mundo do circo
16 a 16.30 e 17.15 a 18.15 h Zancos, pallasos en monociclos, malabares e unha divertida charanga para pórllle non só banda sonora senón atrezzo circense á Cidade Imaxinaria Primavera, porque debemos lembravros que o 21 de abril é o Día Internacional do Circo, e contamos con vós para festexalo.

- i** Punto de información
- Z** Zona de relax
- C** Cantina
- L** Postos de larpeiradas
- A** Aseos
- +** Cruz Vermella